

ID: 1296

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO:

Na cidade de Ourense, a quince de decembro de mil novecentos noventa e nove.

VISTO o expediente de clasificación do monte coma veciñal en man común integrado polas parcelas denominadas " Boca Aberta", "Forcelos", "Gándara Vella", e "San Benito e As Grades" , a solicitude dos veciños da vila de Parada (parroquia de San Lorenzo) no Concello de Barbadás.

RESULTANDO que con data 27 de decembro de 1996, tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños da vila de Parada (parroquia de San Lorenzo), Concello de Barbadás (Ourense), solicitando se declare o monte integrado polas parcelas "Boca Aberta, Forcelos, Gándara Vella , e San Benito e As Grades" coma veciñal en man común.

Resultando que o Xurado provincial en sesión celebrada en data 18 de marzo de 1997, acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciáilo

[Handwritten signature]



expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a d. José Manuel Baltar Blanco e d. José Ramón Goyanes Flores, quenes aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade nº 2 de Ourense, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños da vila de Parada (parroquia de San Lorenzo) , ó Ilmo. sr. Presidente da Deputación provincial de Ourense, ó sr. Alcalde do Concello de Barbadás, á Gerencia Territorial do Catastro, ó Sr. Xefe do Servicio de Extensión Agraria, á Consellería de Obras Públicas e Ordenación Territorial, e ó Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello de Barbadás, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, que durante o prazo sinalado en edictos para que os interesados poidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que na reunión do xurado do 30 de setembro de 1998 se adoptou o acordo de nomear instructora a Miriam Areal López en substitución de José Manuel Baltar Blanco nos expedientes de clasificación pendentes.

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade número dous de Ourense, como segue:

Anotado preventivamente a iniciación do expediente para clasificación finca relacionada no título en comunidade xermánica ou man común no Tomo



1.444, Libro 104, do Concello de Barbadás, folio 16, finca rexistral número 9.467, anotación letra A.

Resultando que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecerlos expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en Man Común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico-romano; 4) que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescritible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".

[Handwritten signature]



Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños da vila de Parada, parroquia de San Lorenzo, Concello de Barbadás.

Os datos do citado monte son os que se referencias na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños da vila de Parada (parroquia de San Lorenzo), están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por acordo do xurado, a instancia dos veciños de Parada (parroquia de San Lorenzo), para que este xurado puidese acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de Procedemento Administrativo de 26 de novembro de 1992 modificada pola Lei 4/1999.



Visto o Decreto 482/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

ACORDA:

Primeiro. - Clasifica- lo monte integrado polas parcelas denominadas "Boca Aberta", "Forcelos", "Gándara Vella" e "San Benito e As Grades", de 14 ha, aproximadamente en conxunto, de superficie a favor dos veciños do vila de Parada, parroquia de San Lorenzo, no Concello de Barbadás, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

- Concello: BARBADÁS.
- Denominación: monte integrado polas parcelas denominadas "Boca Aberta", "Forcelos", "Gándara Vella", e "San Benito e As Grades".
- Comunidade propietaria: veciños de Parada , parroquia de San Lorenzo.
- Superficie: 14 ha, aproximadamente, en conxunto.

Parcela denominada "BOCA ABERTA":

Superficie: 3 ha, aproximadamente,



Estremas:

Norte: Luis Menéndez Álvarez e camiño veciñal

Sur: Camiño veciñal.

Leste: camiño veciñal.

Oeste: Santiago Cid Iglesias, Manuel Castro Iglesias e
Manuel López.

Parcela denominada "FORCELOS":

Superficie: 2 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: Manuel Menéndez Álvarez , Ramona Menéndez
Álvarez e Olimpia Iglesias.

Sur: Julia del Río e Eloy Cid

Leste: Joaquín del Río Padrón e camiño veciñal.

Oeste: Isauro del Río Padrón.

Parcela denominada "Gándara Vella":

Superficie: 6 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: Emilio del Río, Alejandro Cruz del Río, Dolores
Padrón Lamas, Emilio Padrón, Simón Padrón.

Sur: Manuel Fernández Gallego e camiño veciñal.

Leste: Eulalia Padrón.

Oeste: Eliseo Álvarez, Inés Gallego Cruz.

Parcela denominado "SAN BENITO e AS GRADES":

Superficie: 3 Ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: Antonio Padrón Lamas, Eladio Gallego, Evaristo
Padrón Gallego, Ramón Cruz Gago.





Sur: Evaristo Padrón Gallego, Camilo Gil e camiño veciñal.


Leste: camiño veciñal, e destros da igrexa.


Oeste: camiño vello, Jesusa Cruz del Río, Clemente
Blanco, Felisa Cruz Fernández.


Segundo. - Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.


Notifiquese esta resolución ó sr. alcalde-presidente do Concello de Barbadás, ós representantes da comunidade veciñal, ó sr. xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin a vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no Diario Oficial de Galicia (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do Réxime xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).












MONTE FORCOSO →
ESCALA: 1:10.000





MONTE : SACABATO
ESCALA : 1:10.000